



CERTIFICACIÓN

**ELENA GONZÁLEZ LÓPEZ SECRETARIA/O DO CONCELLO DE CORISTANCO, (A CORUÑA), agás erro ou omisión involuntaria,**

**CERTIFICO: Que na sesión plenaria celebrada o 27.12.2021 adoptouse o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** – Aprobar a modificación do proxecto da obra denominada “Proxecto técnico de reurbanización de vial en el lugar de A Igrexa Parroquia de Xaviña, Ayuntamiento de Coristanco” redactado polo enxeñeiro técnico industrial Jesús Manuel Mallo Puga e aprobar o “Proxecto de Expropiación para a obra de reurbanización de vial en el lugar de A Igrexa Parroquia de Xaviña, Ayuntamiento de Coristanco” redactado polo arquitecto Miguel Angel Abad Blanco e mais o enxeñeiro agrónomo Rafael Santos Couceiro, que complementa ao primeiro.

**SEGUNDO.-** Aprobar inicialmente o expediente expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta para a obtención dos terreos afectados polo “Proxecto técnico de reurbanización de vial en el lugar de A Igrexa Parroquia de Xaviña, Ayuntamiento de Coristanco”

**TERCEIRO.-** Aprobar inicialmente a relación dos bens e dereitos que se consideran de necesaria ocupación para a execución das obras incluídas no proxecto que se indican a seguir:

N.º de finca	Ref. Catastral	(NIF semicult o por LOPD)	Sup.afectada(m²)	Sup.catastral (m²)	TOTAL	Premio de afección (5%)	TOTAL
1	0925904NH2802N0001RZ	***359** *	4,12	371	178,65€	8,93€	187,58€
2	0925905NH2802N0001DZ	***460** *	6,88	424	298,34€	14,92€	313,26€
3	0925906NH2802N0001XZ	***000** *	23,02	1031	998,21€	49,91€	1.048,12€
4	0925907NH2802N0001IZ	***079** *	7,96	303	345,17€	17,26€	362,43€
5	0925908NH2802N0001JZ	***441** *	32,31	2141	1401,05 €	70,05€	1.471,10€
			<b>604,43</b>		3221,42 €	161,07€	3382,49€
						<b>TOTAL</b>	<b>3382,49€</b>

**CUARTO.** Someter a información pública a relación dos bens e dereitos de necesaria ocupación



#### CERTIFICACIÓN

insertando os correspondentes anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello así como nun dos xornais de maior circulación da provincia, durante un prazo de vinte días, contados a partir da última das publicacións referidas, co obxecto de que os interesados poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e o seu estado material ou legal.

Para estes efectos o expediente estará exposto na Casa do Concello, sita na Avda. Finisterre 112, San Roque, Traba, 15147 Coristanco.

**QUINTO.** Proceder á notificación individualizada mediante traslado literal das follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a todos os que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, para que poidan formular alegacións no prazo de vinte días contados a partir da data de notificación.

**SEXTO.** Poñer de manifesto a conveniencia de presentar certificacións rexistradas e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistrados do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, ao titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto de casos, procederá a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos xustos prezos das fincas.

**SÉTIMO.** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial do Estado aos efectos previstos no art. 44 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, para aqueles interesados aos que non poida serlle practicada a correspondente notificación.

**Rematado o debate sométese a votación a proposta da alcaldía co seguinte resultado:**

**A favor (6): PSOE (1), PP (3), , BNG (1), CSD (1)**

**En contra (2): ALVC (2),**

**Abstencións (3): TEGA (3)**

**Consecuencia do anterior queda aprobada a modificación do do “proxecto técnico de reurbanización de vial en Lugar de A Igrexa, parroquia de Xaviña, Concello de Coristanco”, aprobación do “proxecto de expropiación par a obra de reurbanización de vial no Lugar de A Igrexa, parroquia de Xaviña”, Concello de Coristanco que o complementa e aprobación inicial do expediente expropiatorio dos terreos necesarios para a súa execución.**



CONCELLO DE  
**CORISTANCO**

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA  
15147 - CORISTANCO - A Coruña  
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal  
www.coristanco.gal  
R. E. L. nº 01150294

exp. 2021/G010/000015

CERTIFICACIÓN

**E para que conste e xurda os efectos oportunos expido o presente certificado, coas salvidades recoñecidas no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.**

*Elena González López, asinado dixitalmente pola secretaria, Coristanco, co visto e praxe do alcalde, Juan Carlos García Pose*